



PROXECTO EUROPEO “IP:INTERCULTURAL PATCHWORK”

A Escola de Idiomas de Ferrol está a participar nun proxecto europeo encuadrado no programa de Aprendizaxe Permanente, acción Grundtvig que se detalla a continuación.

Centros participantes:

1. Escola Oficial de idiomas de Ferrol – Galicia (España)
2. Nyski Dom Kultury w Nysie (Polonia)
3. Falkirk Council – Escocia (Reino Unido)
4. Secondary School of Agriculture – Lanskrout (República Checa)
5. Instituto Comprensivo di Castel di San Pietro Terme (Italia)
6. Arte-Via Cooperativa artística – Lousa (Portugal)
7. Darica Public Training Centre – Kocaeli (Turquía)

Temas:

1. Educación intercultural
2. Novas tecnoloxías
3. Identidade rexional

Duración:

Dende o 1 de agosto de 2009 ata o 31 de xullo de 2011 (2 anos)

Obxectivos da asociación:

- Fortalecer e preservar as culturas e linguas locais nas nosas comunidades
- Diseminar as culturas e linguas locais a outros para romper estereotipos
- Celebrar a diversidade cultural
- Promover a igualdade de oportunidades sen prexuízo de idade, xénero, discapacidade ou raza.
- Desenvolver enfoques creativos a través da comunicación
- Estimular a creatividade
- Promover o uso das novas tecnoloxías entre aprendices adultos
- Mellorar as habilidades lingüísticas

O tema principal que se pretende traballar é establecer o que nos fai diferentes e o que temos en común con respecto á cultura e lingua coa intención de romper estereotipos e así evitar unha idea equivocada da globalización. Somos diferentes pero temos os mesmos obxectivos básicos na vida. As diferenzas non nos separan se non que nos fan medrar como seres individuais e sociais. Pretendemos traballar esto a través da creatividade e o uso das novas tecnoloxías. Os temas elixidos reflectirán os intereses dos aprendices, incluíndo a música, celebracións, comida, linguas locais, arte e literatura,...

Resultados esperados e produtos relevantes (ao longo dos dous anos):

1. Posters representativos de todos os países
2. Rede virtual social de comunicación entre os participante de todos os países
3. Páxina web do proxecto
4. Logo do proxecto
5. Exposición de fotografía dixital sobre comida
6. Exposición de fotografía dixital sobre paisaxes locais
7. DVD Multimedia interactivo
8. Mellor entendemento das similitudes e diferencias culturais
9. Mellora das habilidades lingüísticas
10. Mellora no uso das TICs

Actividades:

Todas as actividades programadas para estes dous anos en todos os países están encamiñadas á consecución dos obxectivos, resultados esperados e produtos relevantes e están incluídas dentro da programación xeral anual do centro.

Reunións internacionais:

- Escola oficial de idiomas de Ferrol: do 28 de setembro ao 3 de outubro de 2009
- Istituto Comprensivo di Castel di San Pietro Terme (Italia): do 19 ao 24 de abril de 2010
- Nyski Dom Kultury w Nysie (Polonia): do 27 ao 2 de outubro de 2010
- Falkirk Council – Escocia (Reino Unido): maio de 2011, data concreta sen determinar.